



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

EXPEDIENTE: 2026/E004/000001. MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DO CONCELLO DE TOURO.

José López González, secretario-interventor do Concello de Touro, do que é alcalde Jesús José Reboredo González,

CERTIFICO:

Que o xoves 9 de xullo de 2026, o Pleno en sesión ordinaria, cos quórum de participación e votación legalmente esixidos, adoptou o acordo que di:

“3 EXPEDIENTE: 2026/E004/000001. MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DO CONCELLO DE TOURO. APROBACIÓN.

Por parte do Sr. Alcade procedeuse a explicar a proposta contida no expediente co seguinte tenor literal:

En relación co procedemento de aprobación da modificación da Relación de Postos de Trabajo, e en relación aos seguintes

ANTECEDENTES.

Documento	Data
Providencia de Alcaldía e Memoria	19/05/2026
Informe Xurídico	20/05/2026
Convocatoria a Mesa de Negociación conxunta	20/05/2026
Acta da Mesa de Negociación conxunta	01/06/2026
Informe de Intervención	03/06/2026

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local. (TRRL)
- Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Estatuto Básico do Empregado Público (LEBEP).
- Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores
- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a reforma da Función Pública (LMRFP).
- Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local
- Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018. (LPGE)
- Real Decreto-lei 2/2020, do 21 de xaneiro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público.
- Xurisprudencia do Tribunal Supremo.

Á vista dos informes obrantes no expediente, considérase que a seguinte proposta se adecúa á lexislación aplicable, procedendo a súa aprobación ao Pleno da Corporación conforme ao artigo 22.2.i) da Lei de 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

Ante o cal formulase ao Pleno da Corporación Municipal a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

PRIMEIRO. Aprobar a Relación de Postos de Trabajo deste Concello, coas modificacións introducidas tras a negociación colectiva e os informes que constan no expediente, nos termos que se axuntan á presente proposta.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: j0cw6LL00JTBppq0grND Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

SEGUNDO. Publicar integramente a citada relación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello.

TERCEIRO. Remitir unha copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma no prazo de trinta días.

Memoria xustificativa e descritiva.

I.1º Natureza e función da Relación de Postos de Trabajo

A RPT constitúe, conforme ao artigo 74 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o TREBEP, o instrumento técnico de ordenación do persoal das Administracións Públicas. A través dela determínase a estrutura dos recursos humanos, fixando as características esenciais de cada posto, os seus requisitos de desempeño e o réxime retributivo aplicable.

No ámbito local, a competencia para a aprobación e modificación da RPT corresponde ao Pleno da Corporación, de acordo co artigo 22.2.i) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL), en conexión co artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, que establece a necesidade de organizar os postos de traballo en atención ás funcións que corresponden a cada unidade administrativa.

Polo tanto, a RPT eríxese nun instrumento dinámico que evolucionará consonte ás necesidades organizativas, funcionais e de servizo público da Administración.

I.2º Principios constitucionais e legais aplicables

A modificación da RPT debe responder os principios reitores da actuación administrativa, en particular: o principio de eficacia e servizo á cidadanía (art. 103 CE), os principios de obxectividade, igualdade, mérito e capacidade (arts. 23.2 e 103 CE, e art. 1 TREBEP), o principio de seguridade xurídica (art. 9.3 CE), que esixe claridade, estabilidade e coherencia na configuración dos postos e na determinación das retribucións complementarias e o principio de negociación colectiva e participación (art. 37 TREBEP), que impón a necesidade de someter a modificación á mesa xeral de negociación en canto afecta as condicións de traballo do persoal.

I. 3º Doutrina xurisprudencial recente

A xurisprudencia do Tribunal Supremo ven consolidando criterios que resultan de aplicación ao presente expediente: A STS 1022/2024, do 10 de xuño, establece que o complemento específico debe limitarse a retribuír o compoñente singular vinculado ao posto, excluindo factores accesorios ou conxunturais, o que esixe unha valoración obxectiva e técnica axustada á realidade do desempeño.

A STS 6328/2024, do 19 de decembro, subliña que a elaboración ou modificación da RPT non pode delegarse integramente en consultoras externas, sendo a Administración a responsable última de garantir a motivación e adecuación dos criterios retributivos, en cumprimento do art. 9.2 do TREBEP. A STS 902/2014, do 5 de febreiro, recoñece a natureza de acto administrativo plúrimo da RPT e o seu carácter vinculante, resaltando a importancia de asegurar a coherencia e seguridade xurídica na súa aplicación, evitando disfuncións entre o previsto formalmente e a realidade funcional.

Desta xurisprudencia dedúcese a obrigação de actualizar os factores do complemento específico cando estes quedaron desfasados respecto á verdadeira natureza e esixencias dos postos.

II.4º Xustificación da modificación da RPT no Concello de Touro

No caso do Concello de Touro, a modificación da RPT responde á necesidade de axustar a estrutura organizativa real do Concello ao texto de ordenación dos recursos humanos que é a súa relación de postos de traballo tendo en conta que ao abeiro da lei 20/2021 de estabilización de postos no Concello de Touro quedaron postos de natureza estrutural fora da súa RPT, así mesmo de carácter puntual reorganizase algún complemento específico e destino ás condicións reais que actualmente inciden no desempeño dos postos de traballo.

A relación de postos de traballo do Concello de Touro aprobouse definitivamente polo **Pleno da Corporación o 23 de novembro do 2020.**

A configuración vixente da RPT non reflicte adecuadamente as condicións reais dalgúns postos de traballo, cos seguintes **aspectos** a ter en conta: a evolución das funcións e responsabilidades asignadas a determinados postos, o incremento da complexidade técnica e administrativa derivada da aplicación de normativa estatal e autonómica recente e as condicións dalgúns casos que non foron valoradas coa suficiente precisión na RPT anterior.

É dicir, os aspectos reflectidos no parágrafo anterior, entre outros, fan pertinente unha modificación da RPT vixente no Concello de Touro, pero só naquelas cuestións que se consideran necesarias actualizar, mantendo gran parte da estrutura e dos postos existentes sen variacións.



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

Con esta proposta de modificación da RPT, o Concello de Touro procura garantir a equidade retributiva, a motivación do persoal e a adecuada prestación dos servizos públicos, conforme aos principios constitucionais e legais antes citados.

Así, **todo aquilo que non sexa modificado expresamente neste documento manterase sen cambios.**

Neste punto, é importante salientar que **non estamos ante unha nova RPT**. A actuación proxectada no Concello de Touro non implica a aprobación dunha nova Relación de Postos, senón unha modificación da xa existente, conforme ao previsto no artigo 74 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro), así como na normativa autonómica e local aplicable.

A modificación proposta non altera o sistema de valoración xeral dos postos de traballo aprobado no seu momento. Isto argumentase no mantemento dos mesmos factores de valoración, criterios e ponderacións que conforman a estrutura valorativa da RPT vixente.

Unicamente se procede, con fundamento na eficiencia e adecuación organizativa, á introdución dunha serie de axustes concretos sen afectar o conxunto do sistema. Non se modifica a valoración global e a intervención non afecta á mesma no seu conxunto.

O cadro de equivalencias, a xerarquía e o equilibrio interno das valoracións permanecen inalterados.

Na súa consecuencia, signifícase que non se produce un cambio estrutural que obrigue a revisar a RPT na súa totalidade. Trátase dunha modificación de carácter parcial e non constitutiva dunha nova relación de postos, de conformidade co establecido pola doutrina e á práctica administrativa. Só a modificación substancial do sistema de valoración ou a alteración xeneralizada dos postos comportaría a necesidade de aprobar unha nova e global RPT.

II. 5º Conclusión

O obxectivo da modificación é dar resposta a unha necesidade concreta de organización e adecuación dos recursos humanos, sen alterar a arquitectura global da RPT. Dende o punto de vista xurídico, a modificación da RPT do Concello de Touro atopa o seu fundamento no caso do Concello de Touro, a modificación da RPT responde á necesidade de axustar a estrutura organizativa real do Concello ao texto de ordenación dos recursos humanos que é a súa relación de postos de traballo tendo en conta que ao abeiro da lei 20/2021 de estabilización de postos no Concello de Touro quedaron postos de natureza estrutural fora da súa RPT, así mesmo de carácter puntual reorganizase algún complemento específico e destino ás condicións reais que actualmente inciden no desempeño dos postos de traballo.

Deste xeito, a presente modificación configúrase como unha actuación que semella necesaria, legalmente esixida e plenamente xustificada para garantir a adecuación, equidade e eficacia da organización administrativa municipal.

MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO

1º Creación de postos de traballo

A Relación de Postos de Traballo é o instrumento técnico que ordena os recursos humanos municipais conforme aos principios de legalidade, eficacia, estabilidade organizativa e adecuada prestación dos servizos públicos. En base a elo, considerase necesario incorporar á RPT aqueles postos que respondan a necesidades permanentes, vinculadas a competencias propias municipais e a servizos que se prestan de forma ordinaria e continuada.

No Concello de Touro existen prazas de **Animador/a Cultural, Auxiliar de camión de recollida de residuos e Auxiliar de apoio ao PAI** que levan anos consignadas no orzamento municipal, o que constitúe un indicio claro de que responden a necesidades permanentes. A coherencia organizativa esixe a súa incorporación formal á RPT, aliñando así a realidade orzamentaria coa estrutura administrativa do Concello e garantindo seguridade xurídica, transparencia e adecuada planificación de recursos humanos.

Coa xustificación anterior, propónse a creación e inclusión na RPT dos postos de: **Animador/a Cultural, Auxiliar de camión de recollida de residuos e Auxiliar de apoio ao PAI** responden a necesidades estruturais consolidadas na organización municipal, non a actuacións conxunturais nin a programas temporais.

A ausencia destes postos comprometería a continuidade, eficacia e calidade de servizos consolidados, xerando disfuncións organizativas e posibles incumprimentos normativos. Por todo iso, os tres postos reúnen os requisitos de permanencia, necesidade obxectiva, integración organizativa e vinculación a competencias propias municipais que xustifican plenamente o seu carácter estrutural e a súa inclusión na Relación de Postos de Traballo do Concello de Touro.



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

FICHAS DE POSTOS

CÓDIGO	04.04.00.01
DENOMINACIÓN	ANIMADOR/A CULTURAL
ÁREA DE ADSCRICIÓN	DEPARTAMENTO DE CULTURA, EDUCACIÓN, XUVENTUDE, DEPORTES E EMPREGO
TIPO DE PERSOAL	F/S
ESCALA	A.E (SVS.ESP)
GRUPO	C1
NIVEL	18
FUNCIÓN	Atención ao público. Colaboración na organización e supervisión xeral das actividades e actuacións desenvolvidas polo Departamento, no eido cultural, todo ilo dentro da súa capacitación profesional e baixo as directrices directas da Concellaría responsable. Deseñar e participar activa e materialmente, nos programas e actividades, de índole cultural, realizados e promovidos dende o Departamento, no eido da súa capacitación profesional. Colaboración na coordinación e vertebración de todas as actividades culturais que se desenvolven dende as diferentes asociacións e agrupacións deste Concello. Incentivación e organización da participación veciñal nos programas e/ou actividades culturais do Concello. Selección e adquisición de materiais necesarios para o correcto desenvolvemento das actividades. Elaboración de informes propios da súa capacitación competencial e profesional. Coidado do adecuado mantemento e conservación das instalacións e equipos adscritos ó Departamento, informando puntualmente das deficiencias detectadas. Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.
OBSERVACIÓNS	TOTAL INCOMPATIBILIDADE

CÓDIGO	04.01.00.03
DENOMINACIÓN	PERSONAL DO PAI
ÁREA DE ADSCRICIÓN	DEPARTAMENTO DE CULTURA, EDUCACIÓN, XUVENTUDE DEPORTES E EMPREGO
TIPO DE PERSOAL	L/S
ESCALA	SEGÚN CONVENIO
GRUPO	III
NIVEL	16
FUNCIÓN	Atención directa, educativa e asistencial, a nenos/as de tres meses a tres anos de idade.
	Aplicar e desenvolver actividades programadas, empregando os recursos e estratexias metodolóxicas axeitadas.
	Atender e informar aos cidadáns en cuestións educativas da súa competencia.
	Efectuar un seguimento do procesos de aprendizaxe do alumnado.
	Detectar necesidades e formular propostas de mellora na procura dunha mellor xestión do Centro.
	Colaborar na elaboración da memoria anual de actividades relacionados co seu área de traballo.
	Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.
OBSERVACIÓNS	TOTAL INCOMPATIBILIDADE



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

CÓDIGO	02.00.00.05
DENOMINACIÓN	AUXILIAR CAMIÓN RECOLLIDA DE RESIDUOS
ÁREA DE ADSCRICIÓN	DEPARTAMENTO DE OBRAS E SERVIZOS BÁSICOS
TIPO DE PERSOAL	L/S
ESCALA	SEGUNDO CONVENIO
GRUPO	V
NIVEL	12
FUNCIÓNS	Realizar as operacións necesarias no servizo de recollida, facilitando a descarga dentro do recolector de carga traseira dos elementos de contenerización. Realizar a recollida dos residuos sen elementos de contención cumprindo cos criterios de recollida selectiva. Levar a cabo as operacións necesarias para a recollida de voluminosos (mobles, electrodomésticos, colchóns, sofás, aparellos eléctricos etc) lavado dos elementos de contenerización en carga posterior e movementos de contedor. Recollida periódica de residuos mal abandonados na vía pública ou que se depositaron fóra dos contedores. Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.
OBSERVACIÓNS	TOTAL INCOMPATIBILIDADE

VALORACIÓN DE POSTOS:

Acorde aos criterios do Manual de valoración da RPT aprobada polo Concello de Touro, o desglose as puntuacións propostas para estes postos é o seguinte:

DENOMINACIÓN	RESPONSABILID.			D. TEC	ADIC.	INC.	PER	PEN	PTOS.	REDOND.
ANIMADOR CULTURAL	RE. O PTOS.	DIR. PTOS.	REL.O PTOS.							
	60	9	54	148	13	5	5	21	315	325

DENOMINACIÓN	RESPONSABILID.			D. TEC	ADIC.	INC.	PER	PEN	PTOS.	REDOND.
AUXILIAR CAMIÓN RECOLLIDA DE RESIUDOS	RE. O PTOS.	DIR. PTOS.	REL.O PTOS.							
	15	9	18	37	13	5	10	56	163	175

DENOMINACIÓN	RESPONSABILID.			D. TEC	ADIC.	INC.	PER	PEN	PTOS.	REDOND.
PERSONAL DE APOIO PAI	RE. O PTOS.	DIR. PTOS.	REL.O PTOS.							
	15	9	18	74	13	5	5	28	167	175



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

2 Transformación de postos de traballo

01. DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA E ADMINISTRACIÓN XERAL

Na actualidade o posto Cód. 01.000.00.01 atópase actualmente vacante e configurado como Administrativo Xefe de Unidade; atendendo ás necesidades organizativas do servizo, considérase máis adecuado dispoñer dun posto de Administrativo de carácter singularizado que asuma especificamente as funcións de xestión de nóminas e apoio en materia de contabilidade, en colaboración directa con Secretaría-Intervención.

A natureza técnica e especializada destas tarefas, así como a carga de traballo existente na área económica-administrativa, fan conveniente contar cun posto administrativo de carácter singular denominado **Administrativo/a de asuntos económicos** que garanta unha xestión adecuada das nóminas, o apoio na contabilidade municipal e o correcto funcionamento dos procedementos administrativos vinculados a estas materias. Por iso, propónse a adecuación do posto ás necesidades reais do servizo, configurándoo como Administrativo de carácter singularizado adscrito á área de Secretaría-Intervención.

Dito posto terá as seguintes características funcionais e retributivas:

CÓDIGO	01.01.00.01
DENOMINACIÓN	ADMINISTRATIVO DE ASUNTOS ECONÓMICOS
ÁREA DE ADSCRICIÓN	DEPARTAMENTO DE SECRETARIA-INTERVENCIÓN E RÉXIME INTERNO
TIPO DE PERSOAL	F/S
ESCALA	A.X.(ADMTVO)
GRUPO	C1
NIVEL	22
	Xestión das facturas recibidas no punto xeral de entrada de facturas electrónicas FACe. Recepción de facturas dende FACe e traslado ao sistema de xestión económica.
	Introdución de datos contables, redacción de listas contables e documentos deste estilo, etc. Todo elo segundo os modelos e seguindo as instrucións dadas polo titular de Secretaría-Intervención.
	Realizar operacións concretas como cumprimentar impresos; efectuar, verificar ou comprobar liquidacións; levar a cabo cálculos de complexidade media, asentos de contabilidade, arqueos, control de existencias, vales..etc.
	Colaborar na emisión de informes e propostas que en materia de xestión contable lle foron solicitadas polo seu superior xerárquico.
	Tramitar a confección da nómina, seguros sociais e comunicar as declaracións fiscais de IRPF do persoal municipal.
	Realizar liquidacións que leven consigo operacións de cálculo sinxelo.
	Realizar a introdución, corrección e validación de datos nas ferramentas de traballo empregadas no seu ámbito de actuación.
	Procura, rexistro, clasificación, copia e arquivo de documentos, libros..etc.
	Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.
OBSERVACIÓNS	TOTAL INCOMPATIBILIDADE

O desglose de puntuación proposto para este posto é o seguinte:

DENOMINACIÓN	RESPONSABILID.			D. TEC	ADIC.	INC.	PER	PEN	PTOS.	REDOND.
ADMTVO ASUNTOS ECONÓMICOS	RE. O PTOS.	DIR. PTOS.	REL.O PTOS.							
	120	9	72	259	130	5	5	56	656	675



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

02. DEPARTAMENTO DE OBRAS E SERVIZOS BÁSICOS

As modificacións propostas neste Departamento responden á necesidade de adaptar a estrutura do persoal á realidade actual do Departamento de Obras e Servizos, que experimentou cambios no seu funcionamento e organización durante os últimos anos.

Estas adecuacións permitirán mellorar a planificación, coordinación e distribución dos traballos, optimizando o aproveitamento dos recursos humanos dispoñibles e facilitando unha xestión máis eficiente do servizo. Deste xeito, preténdese axustar a estrutura necesidades reais do departamento, contribuíndo a unha maior eficacia na prestación dos servizos municipais.

1. Actualmente se encontra ***vacante un posto como Operario servizos***, ante unha modificación de RPT as necesidades organizativas do servizo poñen de manifesto a conveniencia de contar cun Encargado que asuma funcións de coordinación e organización do persoal, tanto do persoal permanente como do persoal temporal que se incorpora ao concello de forma non continuada a través de distintos programas ou contratacións.

A existencia de persoal que se integra periodicamente nos servizos municipais fai necesario dispoñer dunha figura responsable de planificar, distribuír e supervisar os traballos, garantindo unha correcta organización das tarefas e unha maior eficiencia na prestación dos servizos municipais.

Por iso, propónse transformar o posto de Peón nunha posto de categoría superior como Encargado, con funcións de coordinación do persoal adscrito á área correspondente, cuxa forma de provisión propónse que sea no seu momento promoción interna buscando a promoción profesional dos traballadores do Concello.

Dito posto terá as seguintes características funcionais e retributivas:

CÓDIGO	02.00.00.01
DENOMINACIÓN	ENCARGADO/A DE OBRAS E SERVIZOS
ÁREA DE ASCRICIÓN	DEPARTAMENTO DE OBRAS E SERVIZOS BÁSICOS
TIPO DE PERSOAL	L/S
ESCALA	
GRUPO	IV
NIVEL	16
FUNCIÓNS	Asumir a supervisión directa e operativa da actividade do Departamento.
	Supervisar e organizar o traballo do persoal adscrito.
	Realizar o seguimento das actuacións materiais deste Departamento, supervisando e coordinando as mesmas con outras Unidades ou Departamento cando sexa preciso.
	Colaborar e participar activamente nas actuacións materiais do Departamento, realizando tarefas propias da súa capacitación profesional.
	Coidado do perfecto mantemento do equipo empregado no seu ámbito de traballo.
	Dar conta ó superior xerárquico de calquera incidencia ou necesidade que poida xurdir.
	Realizar informes preceptivos, dentro do seu eido competencia e profesional, e relativos ás materias propias do departamento.
OBSERVACIÓNS	Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.
	TOTAL INCOMPATIBILIDADE

O desglose de puntuación proposto para este posto é o seguinte:

DENOMINACIÓN	RESPONSABILID.			D. TEC	ADIC.	INC.	PER	PEN	PTOS.	REDOND.
ENCARGADO/A	RE. O PTOS.	DIR. PTOS.	REL.O PTOS.							
	90	9	45	111	130	5	50	70	510	525

2. Proponse incrementar unha praza de **Condutor de tractor** pasando de 1 a 2 coas mesmas condicións funcionais e retributivas que a praza existente na RPT.



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

03. DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS

As modificacións propostas neste Departamento responden á necesidade de adaptar a estrutura do persoal á realidade actual do Departamento de Servizos sociais, estas adecuacións permitirán mellorar a planificación, coordinación e distribución dos traballos, optimizando o aproveitamento dos recursos humanos dispoñibles e facilitando unha xestión máis eficiente do servizo. Deste xeito, preténdese axustar a estrutura as necesidades reais do departamento, contribuíndo a unha maior eficacia na prestación dos servizos municipais.

1. Proponse a transformación dunha praza vacante de Auxiliar Administrativo do Departamento de Secretaría Intervención (Cód.01.01.00.03) por unha segunda praza de **Traballador/a Social** no Concello de Touro xustificada nunha necesidade estrutural derivada do incremento e crecente complexidade da demanda no ámbito dos servizos sociais municipais.

O envellecemento da poboación, o aumento de situacións de dependencia, vulnerabilidade económica e necesidades de apoio familiar xeraron un volume de traballo que supera a capacidade de atención dun único profesional. Os servizos sociais constitúen unha competencia propia municipal e un servizo público esencial que debe prestarse de forma continuada, eficaz e con garantía de calidade.

A existencia dunha soa traballadora social limita a capacidade de resposta, pode xerar demoras na tramitación de expedientes e dificulta a atención individualizada que requiren moitas intervencións sociais.

Así mesmo, a ampliación do equipo técnico (2 traballador/a e 1 Educador/a) permite asegurar a continuidade do servizo ante ausencias, vacacións ou situacións de incapacidade temporal, evitando a paralización de expedientes urxentes como axudas de emerxencia, valoracións sociais ou informes preceptivos en distintos procedementos administrativos.

A incorporación dunha segunda praza (coas mesmas condicións retributivas que a praza existente na RPT) non só responde á necesidade de atender o volume actual de expedientes, senón tamén a reforzar a dimensión preventiva e comunitaria dos servizos sociais, permitindo así con esta medida reforzar: a atención directa a cidadanía o traballo de campo e as persoas dependentes incluídas no programa de Axuda no fogar.

2. A praza de **Auxiliar de Servizos Sociais**, actualmente configurada como persoal laboral, vén desempeñando non só funcións propias da área social, senón tamén tarefas habituais e permanentes de rexistro, tramitación administrativa e apoio directo a Secretaría. Esta realidade funcional pon de manifesto que o contido efectivo do posto evolucionou cara a labores propios da estrutura administrativa xeral do Concello.

En consecuencia, considérase adecuada a súa reasignación mediante a correspondente modificación da RPT á Unidade de Administración Xeral, coa configuración dun posto de Auxiliar Administrativo/a de natureza funcionarial. Esta adaptación xustifícase nos seguintes fundamentos:

Adecuación ás funcións realmente desempeñadas. As tarefas de rexistro de entrada e saída, tramitación de expedientes, xestión documental e apoio administrativo xeneral constitúen funcións administrativas ordinarias, integradas no núcleo da actividade municipal común.

Exercicio de funcións vinculadas a potestades públicas. As actuacións relacionadas con rexistro, tramitación formal de procedementos e apoio a Secretaría forman parte do procedemento administrativo e do exercicio de funcións públicas, que deben ser desempeñadas por persoal funcionario conforme á normativa de función pública.

Coherencia organizativa. Se o posto desenvolve de forma habitual tarefas adscritas á Administración Xeral, resulta máis racional integralo formalmente na devandita unidade, evitando desaxustes entre a adscrición orgánica e o contido funcional.

Seguridade xurídica. A configuración como posto funcionarial reforza a adecuación normativa do desempeño de funcións administrativas esenciais, garantindo maior estabilidade e encaixe xurídico na estrutura municipal. En quinto lugar, por correcta planificación da RPT.

A Relación de Postos de Traballo debe reflectir a realidade organizativa e funcional do Concello. A reatribución permite alinear a clasificación do posto coas súas funcións efectivas, mellorando a claridade estrutural e a racionalidade na ordenación de recursos humanos.

Polo anterior, procede valorar a modificación da RPT para reasignar a actual praza de Auxiliar de Servizos Sociais (laboral) á Unidade de Administración Xeral, configurándoa como Auxiliar Administrativo/a Funcionario/a, coas características propias dos postos funcionariais do seu grupo e subgrupo de clasificación C2 18; incluíndo a observación de posto ocupado por persoal laboral ata a súa funcionarización. Dita praza contará coas mesmas condicións retributivas que as vixentes na RPT actual.



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

04. DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN, XUVENTUDE, DEPORTES E EMPREGO

04.01. UNIDADE DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA

De conformidade co disposto no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de atención á primeira infancia na Comunidade Autónoma de Galicia, así como na normativa autonómica vixente en materia de autorización e funcionamento dos Puntos de Atención á Infancia (PAI), a persoa que desempeña a Dirección do centro deberá estar en posesión de titulación universitaria oficial relacionada coa educación infantil, o persoal que desempeña funcións de atención directa a menores deberá estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións oficiais: Grao ou Diplomatura en Educación Infantil ou título de Mestre/a con a especialidade en Educación Infantil; Técnico Superior en Educación Infantil (Formación Profesional de Grao Superior) ou Outras titulacións declaradas equivalentes pola normativa educativa vixente.

Por unha banda o posto que desempeña funcións de Dirección de obrigado cumprimento ao abeiro da normativa Decreto 329/2005 na actualidade non ten recoñecido no seu complemento específico o desenvolvemento de ditas funcións, polo que se propón a modificación do seu complemento específico para adaptalo ao nivel de responsabilidade e dedicación que exige o correcto desempeño deste posto de traballo.

O desglose de puntuación proposto para a coordinación do PAI é o seguinte:

DENOMINACIÓN	RESPONSABILID.			D. TEC	ADIC.	INC.	PER	PEN	PTOS.	REDOND.
	RE. O PTOS.	DIR. PTOS.	REL. O PTOS.							
ENCARGADO/A PAI	90	9	63	148	26	5	5	21	337	350

Por outra banda, en relación cos postos adscritos neste momento á **Unidade de Atención á Infancia** previstos na actual RPT do Concello de Touro, constátase que a clasificación vixente non esixe a titulación específica requirida pola normativa autonómica reguladora dos centros de atención á primeira infancia, particularmente o Decreto 329/2005, do 28 de xullo, e demais disposicións de desenvolvemento.

Dita circunstancia xera unha desalineación entre a configuración formal dos postos e os requisitos legais esixidos para o desempeño de funcións educativas e, no seu caso, de dirección do centro.

Co fin de garantir o pleno cumprimento da normativa aplicable e, ao mesmo tempo, favorecer a estabilidade e a promoción profesional do persoal actualmente adscrito a Unidade, propónse proceder á modificación da RPT mediante a apertura dos grupos profesionais dos postos afectados, permitindo a súa adaptación progresiva ás titulacións esixidas, tal e como segue:

Auxiliar apoio PAI GRUPO III/IV

Anexo I. Relación de Postos de Trabajo:

As Relacións de postos de traballo son unha consecuencia da potestade de autoorganización das Administracións locais, recoñecida no artigo 4.1.a da Lei 7/1985 de bases de réxime local, potestade baseada, no que ós recursos humanos se refire, na discrecionalidade que ten a administración local para configurar unha organización adaptada ás necesidades presentes e futuras.

As RPT son o instrumento técnico a través do cal realízase a ordenación do persoal, de acordo coas necesidades dos servizos e onde precísanse os requisitos para o desempeño de cada posto de traballo así como a súas características retributivas.

A Relación de Postos de Traballo (RPT) proposta a continuación para o Concello de Touro aborda unha reordenación funcional e orgánica dos postos de traballo do Concello e melloras que, en consonancia coa lexislación vixente, poidan permitir unha mellor prestación dos servizos ós cidadáns, e á súa vez, unha máis sinxela e óptima xestión dos recursos.



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

RPT CONCELLO DE TOURO (POSTOS RESERVADOS A PERSOAL FUNCIONARIO)

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	TIPO	CORPO ESCALA CATEGORIA	GR U PO	NIVEL	C.E. (14 pagas)	PROV.	R.N.	TITULACIÓN*	FORMACIÓN ESPECÍFICA*	AD M.	OBSERVACIÓNS
01. DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN E RÉXIME INTERNO												
01.00.00.01	SECRETARIO/A- INTERVENTOR/A	F	H.N. (SECRETARÍA- INTERVENCIÓN)	A1	29	22.443,98 €	C	R.N.	GRAO UNIVERSITARIO OU EQUIVALENTE		A. E.	ESPECIAL DISPONIBILIDADE E DEDICACIÓN TOTAL INCOMPATIBILIDADE
01.01. UNIDADE DE ADMINISTRACIÓN XERAL E APOIO A SECRETARÍA												
01.01.00.01	ADMINISTRATIVO DE ASUNTOS ECONÓMICOS	F	A.X. (ADTVA.)	C1	22	9.877,44 €	C	U.E.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		A. L.	ESPECIAL DISPONIBILIDADE E DEDICACIÓN
01.01.00.02	ADMINISTRATIVO/ A	F	A.X. (ADTVA.)	C1	20	7.488,25 €	C	U.E.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		A. L.	ESPECIAL DISPONIBILIDADE E DEDICACIÓN

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

01.01.00.03	AUXILIAR ADMINISTRATIVO / A	F	A.X. (AUXILIAR)	C2	18	5.118,16 €	C	U.E.	GRADUADO E.S.O. OU EQUIVALENTE		A. L.	ESPECIAL DISPOÑIBILIDADE E DEDICACIÓN
01.01.00.04	AUXILIAR ADMINISTRATIVO / A	F	A.X. (AUXILIAR)	C2	18	5.118,16 €	C	U.E.	GRADUADO E.S.O. OU EQUIVALENTE		A. L.	POSTO OCUPADO POR PERSOAL LABORAL A FUNCIONARIO.
01.01.00.05	ALGUACIL- PORTEIRO	F	A.X. (SUBALTERNA)	A.P.	14	6.683,25 €	C	U.E.	CERTIFICADO DE ESCOLARIDAD E OU EQUIVALENTE		A. L.	ESPECIAL DISPOÑIBILIDADE E DEDICACIÓN. A EXTINGUIR
03. DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS												
03.00.00.01	TRABALLADOR/A SOCIAL	F	A.E. (TÉCNICA)	A2	23	5.940,63 €	C	U.E.	GRAO UNIVERSITARIO OU EQUIVALENTE	Estar en posesión da titulación de grao en Traballo Social	A. L.	
03.00.00.02	TRABALLADOR/A SOCIAL	F	A.E. (TÉCNICA)	A2	23	5.940,63 €	C	U.E.	GRAO UNIVERSITARIO OU EQUIVALENTE	Estar en posesión da titulación de grao en Traballo	A. L.	

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

										Social		
03.00.00.03	EDUCADOR/A SOCIAL	F	A.E. (TÉCNICA)	A2	23	5.569,20 €	C	U.E.	GRAO UNIVERSITARI O OU EQUIVALENTE	Estar en posesión da titulación de grao en Educación Social	A. L.	
04. DEPARTAMENTO DE CULTURA, EDUCACIÓN, XUVENTUDE, DEPORTES E EMPREGO												
	04.04. UNIDADE DE CULTURA											
04.04.00.01	ANIMADOR/A SOCIO CULTURAL	F	A.E. (SVS ESP.)	C1	18	4.386,99 €	C	U.E.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		A. L.	ESPECIAL DISPOÑIBILIDADE E DEDICACIÓN



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

RPT CONCELLO DE TOURO (POSTOS RESERVADOS A PERSOAL LABORAL)

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	TIP O	CORPO ESCALA CATEGORIA	GRU PO	SUMA RETRIBUCIÓNS COMPLEMENTARIAS (14 pagas)	PRO V.	R.N.	TITULACIÓN*	FORMACIÓN ESPECÍFICA *	AD M.	OBSERVACIÓNS
02. DEPARTAMENTO DE OBRAS E SERVIZOS BÁSICOS											
02.00.00.01	ENCARGADO/ A DE OBRAS E SERVIZOS	L	SEGUND O CONVENI O	IV	13.618,06€	C	U.E.	GRADUADO E.S.O. OU EQUIVALENTE		A.L.	ESPECIAL DISPONIBILIDADE E DEDICACIÓN PERMISO DE CONDUCIR C CAP
02.00.00.02	CONDUTOR TRACTOR	L	SEGUND O CONVENI O	V	13.033,72 €	C	U.E.	CERTIFICADO DE ESCOLARIDADE OU EQUIVALENTE		A.L.	ESPECIAL DISPONIBILIDADE E DEDICACIÓN PERMISO DE CONDUCIR C CAP

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

02.00.00.03	CONDUTOR ENCARGADO CAMIÓN LIXO	L	SEGUND O CONVENI O	V	10.813,60 €	C	U.E.	CERTIFICADO DE ESCOLARIDADE OU EQUIVALENTE		A.L.	PERMISO DE CONDUCIR C CAP
02.00.00.04	CONDUTOR TRACTOR	L	SEGUND O CONVENI O	V	13.033,72 €	C	U.E.	CERTIFICADO DE ESCOLARIDADE OU EQUIVALENTE		A.L.	ESPECIAL DISPOÑIBILIDAD E E DEDICACIÓN PERMISO DE CONDUCIR C CAP
02.00.00.05	AUXILIAR CAMIÓN LIXO	L	SEGUND O CONVENI O	V	7.081,20 €	C	U.E.	CERTIFICADO DE ESCOLARIDADE OU EQUIVALENTE		A.L.	ESPECIAL DISPOÑIBILIDADE E DEDICACIÓN



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

03. DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS											
03.00.00.04	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR	L	SEGUNDO CONVENIO	V	7.081,20 €	C	U.E.	CERTIFICADO DE ESCOLARIDADE OU EQUIVALENTE		A.L.	
04. DEPARTAMENTO DE CULTURA, EDUCACIÓN, XUVENTUDE, DEPORTES E EMPREGO											
	04.01. UNIDADE DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA										
04.01.00.01	ENCARGADO/A PAI	L	SEGUNDO CONVENIO	III	11.725,70	C	U.E.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		A.L.	ESPECIAL DEDICACIÓN E RESPONSABILIDADE
04.01.00.02	PERSONAL APOIO PAI	L	SEGUNDO CONVENIO	III/IV	8.633,94 €	C	U.E.	GRADUADO E.S.O. OU EQUIVALENTE		A.L.	
04.01.00.03	PERSONAL APOIO PAI	L	SEGUNDO CONVENIO	III	8.633,94 €	C	U.E.	GRADUADO E.S.O. OU EQUIVALENTE		A.L.	

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

	04.02. UNIDADE DE DEPORTES										
04.02.00.01	ANIMADOR/A DEPORTIVO	L	SEGUNDO CONVENIO	III	8.264,06 €	C	U.E.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		A.L.	
	04.03. UNIDADE DE PROMOCIÓN ECONÓMICA										
04.03.00.01	ADEL	L	SEGUNDO CONVENIO	II	14.773,92 €	C	U.E.	GRAO UNIVERSITARIO OU EQUIVALENTE		A.L.	



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

Abreviaturas empregadas:

Tipo:

L: Posto reservado a persoal laboral

F: Posto reservado a persoal funcionario

E: Posto reservado a persoal eventual

Corpo/Escala ou categoría:

A.X: Escala de Administración xeral

A.E: Escala de Administración especial

H.N: Escalas de Habilitación Nacional

Segundo Convenio: No caso do persoal laboral, segundo convenio de aplicación.

Prov.: Forma de provisión:

C: Concurso

L: Libre designación

Reserva Nacional:

R.N: Posto reservado a persoas ou nacionalidade española

U.E.: Unión Europea

Titulación:

Recóllese a titulación mínima esixida

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

Formación Específica*

Recoméndase a súa determinación con carácter previo á provisión dos postos

Administración:

A.L.: Posto reservado a empregados propios da administración local

A.E.: Posto reservado a funcionarios con habilitación de carácter estatal

Observacións:

Especial dispoñibilidade e dedicación: Sinala os postos que, polas súas características, recoméndase teñan total dispoñibilidade e dedicación.

Total incompatibilidade: Sinala os postos que, polas súas características, recoméndase teñan total incompatibilidade.

A funcionarizar: Recoméndase a funcionarización dos postos sinalados.

Xornada a tempo parcial: Sinala os postos que non prestarán servizo a xornada completa.

Tras a quenda de intervencións procedeuse á votación da Proposta

VOTACIÓNS

A proposta de modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Touro resultou aprobada pola maioría absoluta, con seis votos a favor (5 concelleiros do PP e o concelleiro non adscrito), a abstención do concelleiro do BNG e o voto en contra dos 3 concelleiros de MVXT e o concelleiro do PG, sendo once o número legal de membros da Corporación.”

E para que conste e a salvo erro ou omisión involuntaria e coa particularidade do artigo 206 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, libro este certificado de orde do alcalde.

Touro, na data da sinatura dixital

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

José López González, secretario-interventor

Visto e praxe: Jesús José Reboredo González, alcalde-presidente

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)